



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A EMPRESA UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL PARA O DESENVOLVEMENTO DE PRÁCTICAS NON LABORAIS

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, don Joaquín Macho Canales, secretario xeral técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 90/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024), no exercicio das competencias atribuídas por delegación do conselleiro en virtude do artigo 3 da Orde de 29 de setembro de 2021 sobre delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 195, do 8 de outubro de 2021) e a disposición adicional segunda do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril de 2024).

Doutra parte, don Manuel Daniel Calvo Suárez, con DNI núm. 76517066E como persoa apoderada de Unayta Oficina Sin Papeles SL, de acordo coa escritura notarial núm. 1542 do ano 2017 outorgada ante o notario José Manuel Amigo Vázquez.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan,

EXPOÑEN

Primeiro. O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a quen lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, entre outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial.

Polo Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión realizada polo INEM no ámbito do traballo, o emprego e a formación, transferencia que foi efectivamente asumida pola Xunta de Galicia, en concreto pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude en virtude do Decreto





289/1997, do 9 de outubro, en relación co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Segundo. Como consecuencia da transferencia citada no expoñendo anterior, é a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego (Subdirección do Servizo Público de Emprego de Galicia) a responsable de levar a cabo as funcións de intermediación no mercado de traballo e, en concreto, as relativas á inserción e rexistro das persoas demandantes de emprego e das ofertas de traballo, rexistro de contratos, autorizacións de axencias de colocación e Rede EURES (European Employment Services).

Terceiro. Estas funcións desenvólvense cara ao público a través dunha rede de cincuenta e tres oficinas de emprego e dúas oficinas de apoio ao empregador.

Cuarto. O Servizo Público de Emprego de Galicia, dentro da dimensión da intermediación laboral, poderá establecer con outras entidades convenios, acordos ou outros instrumentos de coordinación que teñan por obxecto a adecuar os perfís das persoas demandantes de emprego ás necesidades do mercado de traballo e favorecer a súa inserción laboral.

Quinto. O Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas no seu artigo 2 establece que: "As empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos Servizos Públicos de Emprego, e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, ao obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral, nos seus centros de traballo coa finalidade de contribuír a mellorar a súa empregabilidade e ofrecerlles un primeiro contacto coa realidade laboral a través do achegamento á mesma, ao tempo que contribúe a completar a formación acadada pola persoa nova".

Sexto. A empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL está interesada en desenvolver prácticas non laborais nos seus centros de traballo, conforme ao establecido no Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro.

O artigo 4.1 do antedito Real decreto regula que as empresas que vaian desenvolver as prácticas non laborais, previamente á subscripción do acordo coas persoas beneficiarias das mesmas, celebrarán un convenio co Servizo Público de Emprego competente por razón do ámbito territorial do centro de traballo onde se desenvolverán as prácticas.

Por todo isto, acordan subscribir o presente convenio de colaboración para a realización de prácticas non laborais en centros de traballo de UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL situados na Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito de aplicación do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS





Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a realización de prácticas non laborais nos centros de traballo da empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL.

As prácticas non laborais están dirixidas ás persoas novas desempregadas, inscritas nas Oficinas de Emprego, con idades comprendidas entre 18 e 25 anos inclusive, que posúan a titulación ou o certificado de profesionalidade previsto no artigo 3.1 do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro. Será requisito imprescindible que as ditas persoas novas non tiveran unha relación laboral ou outro tipo de experiencia profesional superior a tres meses na mesma actividade, non tendo en conta para estes efectos as prácticas que formen partes dos currículos para a obtención das titulacións ou certificados correspondentes. No suposto de persoas novas inscritas no Fichero Nacional do Sistema de Garantía Xuvenil a idade máxima para realizar estas prácticas non laborais será a establecida para as persoas beneficiarias do dito sistema, de acordo co previsto na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste convenio as prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, dos estudos universitarios.

Segunda. Réxime de execución das prácticas

a) As prácticas non laborais terán unha duración de 9 meses.

b) Para a preselección de persoas candidatas, a empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL remitirá á oficina de emprego de referencia a solicitude de candidatos achegando a seguinte información: definición de prazas, perfís profesionais e, no seu caso, identificación de persoas candidatas que cumpran os perfís indicados a xuízo da entidade.

c) O proceso de selección final das persoas que van participar no programa de prácticas non laborais corresponderá á empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL que deberá informar á oficina de emprego de referencia do resultado da dita selección. Recibida dita información na oficina de emprego, esta procederá a pechar o procedemento de preselección realizado.

d) A persoa nova seleccionada e a empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL subscribirán por escrito un acordo no que se definirá, polo menos, o contido concreto da práctica a desenvolver, a duración da mesma, as xornadas, horarios para a súa realización, centro ou centros de traballo nos que se desenvolverá, o importe neto que percibirá a persoa nova, a determinación do sistema de titorías e a certificación á que a persoa nova terá dereito pola realización das prácticas. O dito acordo deberá ser comunicado á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego antes do inicio das prácticas.



e) As prácticas non laborais en UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL non suporán, en ningún caso, a existencia de relación laboral entre a persoa nova destinataria das prácticas e a empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL.

f) As persoas novas participantes recibirán da empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL unha bolsa de apoio cuxa contía será, como mínimo, do 80 por cento do IPREM mensual vixente en cada momento.

g) Á persoa nova en prácticas seranlle de aplicación os mecanismos de inclusión na Seguridade Social contemplados no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, debendo a empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL proceder á afiliación e/ou alta con anterioridade á comunicación indicada no apartado d).

h) A empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL deberá informar aos representantes legais das súas persoas traballadoras do contido do convenio e dos correspondentes acordos antes do comezo das prácticas non laborais.

i) As prácticas desenvolveranse nos centros de traballo de UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL baixo a dirección e supervisión dun/ha titor/a da empresa. Para tales efectos, en cada centro de traballo será designada unha persoa titora por cada tres persoas novas en prácticas ou fracción entre o persoal cualificado do centro, que supervisará e apoiará tecnicamente ás persoas novas en prácticas, distribuirá as tarefas e colaborará na súa avaliación. Este límite poderá ser modificado a petición da empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL por causa xustificada.

j) Pola empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL e a persoa titora designada facilitarase á persoa nova en prácticas información e formación axeitada, así como equipos e medios de protección conforme ao previsto na normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

k) Á finalización das prácticas non laborais, a empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL deberá entregar á persoa participante unha certificación da realización das mesmas na que constará o seguinte contido:

- Identificación da empresa
- Identificación da persoa nova que realizou as prácticas
- Centro de traballo
- Duración das prácticas
- Datas de realización
- Tarefas realizadas
- Sinatura e selo da empresa ou sinatura dixital



Terceira. Obrigas

a) Calquera modificación das condicións establecidas para a realización das prácticas requirirá a previa modificación do correspondente acordo e a súa comunicación á Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego por parte da empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL, en coherencia co disposto na cláusula segunda, apartado d).

b) Á finalización do convenio, a empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL deberá presentar ante a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego unha memoria descritiva das actividades realizadas e dos resultados obtidos, con especial mención das melloras observadas na empregabilidade das persoas novas, así como copia da certificación entregada á persoa nova con acreditación da súa recepción.

Cuarta. Mecanismos de vixilancia, seguimento e control da execución do convenio

Para o seguimento da súa execución e o coñecemento de calquera discrepancia que poida xurdir sobre a súa interpretación, crearase unha Comisión Mixta, integrada por dous representante designados por cada unha das partes asinantes do convenio.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración levará a cabo accións de control e seguimento das prácticas non laborais a fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos e dos obxectivos perseguidos, especialmente, a contribución das prácticas á mellora da empregabilidade das persoas novas con ningunha ou moi escasa experiencia laboral.

Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderá realizar as visitas de seguimento, comprobacións e verificacións presenciais e aleatorias que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto neste convenio e demais normativa vixente que resulte de aplicación, e co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas no programa de prácticas presentado pola empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL que facilitará o acceso ás instalacións nas que se realizan as prácticas, así como toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación e se lles solicite.

Quinta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas participantes que vaian desenvolver as prácticas non laborais na empresa UNAYTA OFICINA SIN PAPELES SL e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo, nin suporá nin se derivará gasto nin compromiso económico algún para a mesma.



Sexta. Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima. Duración

A vixencia deste Convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata a data de remate das prácticas non laborais, se ben a empresa dispón do prazo dun ano para formalizar o acordo ao que se refire a cláusula segunda, apartado d). O convenio pódese denunciar pola parte que considere vulnerado o espírito do mesmo por incumprimento dalgunha das súas cláusulas ou das condicións que determinaron o seu establecemento. A denuncia deberá efectuarse comunicándoa á outra parte, mediante escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e subscríbese como proba de conformidade.

Oitava. Consentimento das partes en materia de protección de datos. Publicidade e rexistro

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

Por outra banda, no marco deste convenio, as partes someteranse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.



E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente o presente documento na data sinalada na marxe.

**POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO,
COMERCIO E EMIGRACIÓN**

Joaquín Macho Canales

**POLA EMPRESA UNAYTA OFICINA
SIN PAPELES SL**

Manuel Daniel Calvo Suárez

